



**10 de outubro de 2012.** O anuncio do enésimo **dragado da ría de Foz** (LIC, ZEPA, ZEPA e humidal inventariado) por parte de Portos, alén dun inútil **desbaldimento de cartos públicos**

, podería provocar outros danos colaterais: está previsto verter os milleiros de toneladas de sedimento extraídas da canle do porto... dentro do esteiro protexido! A construción nos anos 80 do espigón de punta Angueira provocou tanto a colmatación do esteiro do Masma como a erosión da praia de Altar, en Barreiros. Portos e Costas investiron millóns de € tanto en dragados como en aportes de area e obras de consolidación litoral... sen éxito. Agora pretenden botar os entullos sobre un espazo con catro figuras de protección. É que nunca aprenderán a ter en conta á natureza e ás súas dinámicas? Canto máis nos vai custar xogar aos "casteliños" co medio ambiente?

**ALEGACIÓNS** de ADEGA ao proxecto "Vertedura do material extraído nas obras de dragaxe da canle de acceso ao porto de Foz"

1. O *"Informe de caracterización de la zona propuesta para el vertido del material a extraer en las futuras obras de dragado en el canal de acceso al puerto de Foz"*, realizado polo CIS (Centro de Investigacións Submariñas), que acompaña ao proxecto non pode ser considerado un estudo de impacto ambiental consonte ao R.D. 1/2008.

Ten un carácter eminentemente bibliográfico, só describe a área das verteduras aproximando algunhas consecuencias do proxecto, e non recolle toda a variedade de especies que caracterizan ás comunidades de invertebrados das chairas lamacentas. Así, e no que atinxe ás comunidades de invertebrados atopadas na área de estudo, mostraxes feitas pola Estación de Bioloxía Mariña da Graña (USC) para hábitats bentónicos similares (Ría de Ferrol), reflicten a presenza de entre 30 a 40 especies de poliquetos, 10 a 15 de crustáceos e de 5 a 10 de moluscos, citando tamén unha grande abundancia de nematodos e nemertinos, que non aparecen recollidos neste informe.

A este respecto, no estudo [\*"Cambios bentónicos en la ría de Foz \(Lugo\) \(noroeste de España\) tras la construcción de un espigón"\*](#), elaborado por C. Castellanos, S. Hernández-Vega e J. Junoy en 2003, cítanse moitos máis invertebrados (53

especies) nas chairas lamacentas desta mesma ría que os que aparecen no informe do CIS. Sublíñase tamén nesta publicación a importancia que acada a presenza da fanerógama *Zostera noltii*

, cuxa representación territorial na ría de Foz viuse incrementada nos últimos anos polas alteracións hidrodinámicas e sedimentolóxicas causadas pola construción do espigón. Cómpre lembrar que esta planta figura catalogada como “vulnerábel” no Catálogo Español de Especies Ameazadas (RD 139/2011) e que intervencións (colmatación por aportes externos) que impliquen o incremento do carácter continental dun esteiro, poden provocar a súa desaparición.

2. A área na que se pretenden levar a cabo a verteduras dos materiais procedentes do dragado forman parte da Rede Natura 2000 galega: LIC “Ría de Foz-Masma”, código ES1120011; ZEPA “Ría de Foz”, código ES0000373, e ZEPVN, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, alén figurar catalogada no Inventario de Humidais de Galiza; e nela están presentes hábitats e especies de interese europeo e prioritarios. Tendo en conta as conclusións do *“Informe de caracterización de la zona propuesta para el vertido del material a extraer en las futuras obras de dragado en el canal de acceso al puerto de Foz”*, parece evidente que o proxecto de vertido de sedimentos vai causar modificacións no medio físico, impactos nas comunidades bentónicas (incluídas especies protexidas) e outras alteracións sedimentolóxicas tanto na área de estudo como en toda a ría de Foz.

Por todo o anteriormente exposto, ADEGA **SOLICITA**:

1. Que tanto para o proxecto de dragado da canle de acceso ao porto de Foz como para o proxecto de vertedura dos sedimentos extraídos se elaboren os correspondentes estudos de impacto ambiental e que, de afectaren a hábitats considerados prioritarios segundo a Directiva 92/43 CEE se efectúen as consultas previas perante a Comisión Europea consonte ao artigo 6.4 da Directiva 92/43 CEE.

2. Que en todo caso, as eventuais verteduras de sedimentos se leven a cabo consonte ás recomendacións dun estudo sedimentolóxico pormenorizado que teña en conta a evolución histórica da zona (por exemplo [\*\*\*“Cartography of the surface sediments of the Ría de Foz, Lugo-NW Spain, after the construction of a jetty”\*\*\*](#), de Hernández-Vega, S., Castellanos C & Junoy, J., 2005). En todo caso, deberían realizarse fóra das zonas protexidas, e sempre en áreas cunha maior profundidade para non acelerar os procesos de colmatación que está a sufrir a ría de Foz.

3. Outras recomendacións que deberan terse en conta: As zonas de recepción dos sedimentos dragados deberían ter unha granulometría similar a aqueles para minimizar o impacto dos aportes. Estes deberían efectuarse nos meses de outono e inverno para reducir o impacto sobre as especies con ciclo anual como poliquetos e crustáceos.